



ENTROIDO 2016

Estimados pais e estimadas nais:

Na semana do 1 ao 5 de febreiro celebraremos o entroido no colexio.

De luns a xoves, o Meco vai ir dando consignas para que os nenos e nenas traian algún elemento “chocante” na súa indumentaria. De momento non sabemos cales proporá e, de sabelo, tampouco poderíamos contalas por non estragar a sorpresa.

O xoves 4 levaremos postos os catro adornos á vez e ao rematar desfarémonos do Meco, aínda non sabemos como.

O venres 5 os nenos e as nenas virán disfrazados das súas casas. Seguiremos insistindo en recuperar o espírito tradicional do Entroido polo que lles rogamos ás familias que colaboren a tal fin. Pedímoslles que para os disfraces utilicen materiais que teñan pola casa (roupa vella, prendas doutras persoas da familia, ...) e que, como máximo, só merquen un único “accesorio ou complemento” (Gafas, gorro, bigote, perruca, ...) para complementar. A parte dos choqueiros e das choqueiras, dado que este ano o proxecto de centro é “A Prehistoria” suxerimosvos teñades en conta esta temática, non estaría de máis termos algún ou algunha troglodita.

Se o tempo o permite, despois do recreo, saíremos en comparsa a dar unha volta polos arredores.

Agardamos que a festa sexa un éxito. Grazas por colaborar.